

CARREIRA PROFESIONAL DO PERSOAL FACULTATIVO

Resumo da reunión da Mesa Sectorial do día 21 de xuño

Finalmente celebrouse hoxe a reunión varias veces suspendida sobre a Carreira Profesional de persoal facultativo. Nela o Sergas entregou un novo documento, que difire en algúns aspectos do anterior, e que pode considerarse en todo caso como a primeira proposta de Carreira realizada como tal.

Os **aspectos básicos que definen a nova proposta do Sergas** son:

1. Afectaría só a persoal fixo, excluído o non xerarquizado.
2. Definición de 4 graos, e un quinto (denominado 4.b) para méritos excepcionais.
3. Tempo total da CP de 30 anos, esixindo 8 para o grao 1, 8 para o 2, 7 para o 3 e outros 7 para o 4.
4. Propoñen unha vía excepcional de acceso aos diferentes graos, acortando os anos esixidos; tería números clausus e se accedería por proposta das Xerencias. Esixiría 5 anos para o grao 1 e 4 anos para os demais.
5. A avaliación esíxese sempre, co seguinte esquema de créditos:

GRAOS	CREDITOS TOTAIS para promoción	CRÉDITOS MÍNIMOS POR APARTADO DO BAREMO			
		Cumprimento Obxectivos	Formación, Docencia, Investigación	Permanencia efectiva	Compromiso coa xestión (comis., protoc., xefat., tribun.,...)
1	40	20	6	2	4
2	35	20	6	2	4
3	35	20	6	2	4
4.a	27	15	6 (entre os tres apartados)		
4.b	0	Méritos extraordinarios non baremables			
NOTA		O resto de créditos ata o total de cada Grao, poden facerse en calquera apartado			

6. O único apartado do baremo que aparece cuantificado na súa valoración en relación cos créditos é o do Cumprimento de Obxectivos, da seguinte maneira:

Criterio 1: por avaliación obxectiva	Número de créditos (por ano)
Cumprimento de obxectivos > 85%	3
Cumprimento de obxectivos > 75% < 85%	2
Cumprimento de obxectivos > 70% < 75%	0'5
Criterio 2: por avaliación do superior xerárquico	Número de créditos (por período avaliado)
Por capacidade interrelación usuarios	Ata 3 créditos
Por capacidade traballo en equipo	Ata 3 créditos

O valor en créditos dos demais apartados do baremo propoñen que sexan elaborados e publicados anualmente polas comisións de avaliación.

7. As comisións de avaliación serían provinciais (unha para primaria e outra para especializada), compostas por dúas persoas designadas polo Sergas e outras tres designadas entre profesionais formados como avaliadores acreditados. Habería ademais según a súa proposta, unha Comisión Central de Acreditación composta por oito representantes do Sergas e dous dos Sindicatos.
8. Os efectos retributivos derivados do recoñecemento dun determinado grao serían a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte á avaliación.
9. Non se inclúe na proposta do Sergas nada sobre retribucións de cada grao acadado.
10. Non se inclúe na proposta do Sergas nada sobre o réxime transitorio de acceso á CP por parte do persoal actual.

CIG-Saúde expresou a total disconformidade coa dinámica negociadora imposta polo Sergas, manifestando **a nosa discrepancia cos aspectos esenciais da proposta da Administración** nos seguintes aspectos:

- 1) Non compartimos o ámbito de aplicación, pois debe poder acceder á CP todo o persoal facultativo sen excepción (incluídos por tanto interinos e non integrados).
- 2) Non compartimos os anos esixidos para o acceso a cada Grao, e nos parece unha barbaridade os 30 anos totais requeridos para acadar o Grao 4.
- 3) Non compartimos a proposta da vía excepcional de acceso.
- 4) Non compartimos nin os apartados propostos para a avaliación nin o peso de cada un deles sobre o total.
- 5) Non compartimos nin o ámbito nin a composición das comisións de avaliación propostas, nin compartimos o procedemento de elaboración anual dos criterios de avaliación dos diferentes apartados do baremo.
- 6) Non compartimos que o Sergas non inclúa na súa proposta nin o tratamento retributivo da CP, nin o réxime temporal de implantación, nin o réxime transitorio de acceso para o persoal actual.
- 7) Pedimos do Sergas que nos aclare a súa interpretación da LOPS respecto da Carreira, xa que nós entendemos que hai temas legalmente intocables que eles na súa proposta se pasan polo forro (número de graos, tempo para acceso ao grao 1, e ámbito das comisións de avaliación, entre outros).

O Sergas quedou en convocar unha nova reunión, non antes de quince días, na que entregaría un novo documento unha vez recibidas as valoracións de cada organización sobre o texto hoxe entregado. A súa intención é a de celebrar dúas reunións no mes de xullo sobre este tema da CP, e retomar logo a negociación a partir de setembro.